



AS AVENTURAS DE MARIÑA

Sesión de contos de Alba Bermúdez

GALEATRO

Mariña é unha nena á que lle gusta moito o mar e os animais que nel habitan. Todas as tardes mergúllase na auga para xogar cos peixes. Hai un que é moi especial. Chámase Xarda. Un peixe que fala e que lle conta historias sobre como é a vida mariña e tamén sobre os seus perigos.

A loita contra a contaminación, a amizade e o respecto son temas que están presentes en *As aventuras de Mariña*. Unha sesión de contos que combina a narración oral e o teatro de monicreques.

Público:

Nenos e nenas a partir de 5 anos

Duración:

40 minutos



Necesidades técnicas:

Toma eléctrica e espazo libre de mobiliario

Texto promocional:

Mariña é unha nena á que lle encanta coñecer historias sobre o mar e sobre os habitantes mariños. A loita contra a contaminación, a amizade e o respecto son temas que están presentes en *As aventuras de Mariña*.

Unha sesión de contos que combina a narración oral e o teatro de monicreques.

A compañía:

Galeatro é a primeira compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada por Tone Martínez e Alba Bermúdez, percorreu gran parte dos centros educativos de Galicia cos seus espectáculos didácticos *De Leria con Castelao*, *O contador de contos ou o Xogo das letras*, entre outros. No 2017, coproduce xunto co FIOT, o seu primeiro espectáculo de gran formato *Muiñada*. Esta colaboración consolidouse coa coprodución de *Carabela* no 2020 e *Wombo Combo* no 2022. Ese mesmo ano tamén estrean *Arte sen guión* un espectáculo para público adulto coproducido co *Centro Dramático Galego* e a *Cidade da Cultura*.

Contacto:

Telf: 678809861 (Alba)
669584811 (Tone)

